

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15790** *Real decreto lei 14/2019, do 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións.*

I

A sociedade actual require de adaptacións na esfera dixital que exixen dunha tradución no plano normativo. O desenvolvemento e emprego das novas tecnoloxías e redes de comunicacións por parte das administracións públicas estase acelerando. Iso exixe establecer sen demora un marco xurídico que garanta o interese xeral e, en particular, a seguridade pública, asegurando a adecuada prestación dos servizos públicos e, ao mesmo tempo, que a Administración dixital se empregue para fins lexítimos que non comprometan os dereitos e as liberdades dos cidadáns.

O carácter estratéxico para a seguridade pública das materias reguladas neste real decreto lei vese avalado pola Lei 36/2015, do 28 de setembro, de seguridade nacional, que describe os riscos asociados ás novas tecnoloxías como un dos principais desafíos da sociedade actual.

A Estratexia de seguridade nacional 2017, aprobada mediante o Real decreto 1008/2017, do 1 de decembro, identifica as ciberameazas e a espionaxe como ameazas que comprometen ou socavan a seguridade nacional e, en coherencia con iso, singulariza a ciberseguridade como un dos seus ámbitos prioritarios de actuación. O desenvolvemento tecnolóxico implica unha maior exposición a novas ameazas, especialmente as asociadas ao ciberespazo, tales como o roubo de datos e información, o *hackeo* de dispositivos móbiles e sistemas industriais, ou os ciberataques contra infraestruturas críticas. A hiperconectividade actual agudiza algunhas das vulnerabilidades da seguridade pública e exixe unha mellor protección de redes e sistemas, así como da privacidade e dos dereitos dixitais do cidadán.

Entre os principais desafíos que as novas tecnoloxías presentan desde o punto de vista da seguridade pública están as actividades de desinformación, as interferencias nos procesos de participación política da cidadanía e a espionaxe. Estas actividades beneficianse das posibilidades que ofrece a sofisticación informática para acceder a inxentes volumes de información e datos sensibles.

Neste punto xoga un papel decisivo o proceso de transformación dixital da Administración, xa moi avanzado. A Administración electrónica agudiza a dependencia das tecnoloxías da información e estende a posible superficie de ataque, incrementando o risco de utilización do ciberespazo para a realización de actividades ilícitas que impactan na seguridade pública e na propia privacidade dos cidadáns.

Os recentes e graves acontecementos acaecidos en parte do territorio español puxeron de relevo a necesidade de modificar o marco lexislativo vixente para facer fronte á situación. Tales feitos demandan unha resposta inmediata para evitar que se reproduzan sucesos desta índole para o cal se establece un marco preventivo, cuxo obxectivo último sexa protexer os dereitos e as liberdades constitucionalmente recoñecidos e garantir a seguridade pública de todos os cidadáns.

O presente real decreto lei ten por obxecto regular este marco normativo, que comprende medidas urxentes relativas á documentación nacional de identidade; á identificación electrónica ante as administracións públicas; aos datos que constan en poder das administracións públicas; á contratación pública e ao sector das telecomunicacións.

## II

O presente real decreto lei consta dunha parte expositiva e dunha parte dispositiva estruturada do modo seguinte: capítulo I (artigos 1 e 2), capítulo II (artigos 3 e 4), capítulo III (artigo 5), capítulo IV (artigo 6), capítulo V (artigo 7), unha disposición adicional, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I recolle dúas medidas en materia de documentación nacional de identidade dirixidas a configurar o documento nacional de identidade, con carácter exclusivo e excluínste, como o único documento con suficiente valor en por si para a acreditación, para todos os efectos, da identidade e dos datos persoais do seu titular. Con esta finalidade, o artigo 1 do presente real decreto lei modifica o artigo 8.1 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá. En coherencia con iso, o artigo 2 do real decreto lei modifica a regulación do documento nacional de identidade electrónico recollida no artigo 15.1 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

O capítulo II do presente real decreto lei, que contén os artigos 3 e 4, establece varias medidas en materia de identificación electrónica ante as administracións públicas, localización de determinadas bases de datos e datos cedidos a outras administracións públicas. A finalidade destas medidas é garantir a seguridade pública, tanto nas relacións entre as distintas administracións públicas cando traten datos persoais como entre cidadáns e administracións públicas cando as últimas proceden á recompilación, tratamento e almacenamento de datos persoais en exercicio dunha función pública.

O artigo 3 do presente real decreto lei modifica os artigos 9 e 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, á vez que introduce unha nova disposición adicional sexta nela.

A modificación da letra a) do número 2 dos artigos 9 e 10 responde á necesidade de adaptar os seus contidos ao Regulamento (UE) n.º 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE, coñecido como Regulamento eIDAS, que establece un marco legal común para as identificacións e sinaturas electrónicas na Unión Europea.

A modificación da letra c) do número 2 dos artigos 9 e 10 ten como finalidade garantir a seguridade pública en relación co emprego de sistemas de identificación e sinatura electrónicas dos interesados cando se realizan con clave concertada ou mediante calquera outro sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade e que as administracións públicas consideren válido. Así, en palabras do propio Tribunal Constitucional expresadas na Sentenza 55/2018, do 24 de maio, mantense a posibilidade de que «cada Administración deseñe os seus propios sistemas de identificación electrónica ou admita os expedidos por outras entidades públicas ou privadas e, con iso, que estes sexan máis ou menos complexos segundo as súas preferencias e a relevancia ou características do trámite ou servizo correspondente». Agora ben, para garantir a seguridade pública, competencia exclusiva do Estado conforme dispón o artigo 1.1 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, a modificación efectuada somete a un réxime de autorización previa por parte da Administración xeral do Estado os sistemas que sexan distintos a aqueles do certificado e selo electrónico. Esta autorización terá por obxecto, exclusivamente, verificar se o sistema validado tecnoloxicamente por parte da Administración ou organismo público de que se trate pode ou non producir afeccións ou riscos á seguridade pública, de modo que, se así for e só neste caso, a Administración do Estado denegará a dita autorización con base en tales consideracións de seguridade pública.

Na mesma liña, o novo número 3, que se engade tanto ao artigo 9 como ao artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece a obrigatoriedade de que, en relación cos sistemas previstos na letra c) do número 2 dos artigos 9 e 10, os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos ditos sistemas se encontren situados en territorio da Unión Europea, e en territorio español en caso de que se trate de categorías especiais de datos a que se refire o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril

de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. Salvo as excepcións que se introducen na lei, estes datos non poderán ser obxecto de transferencia a un terceiro país ou organización internacional e, en calquera caso, estarán dispoñibles para o seu acceso por parte das autoridades xudiciais e administrativas competentes.

Por último, o artigo 3 do presente real decreto lei incorpora unha disposición adicional sexta á Lei 39/2015, do 1 de outubro, que prevé que nas relacións dos interesados coas administracións públicas non serán admisibles en ningún caso e, polo tanto, non poderán ser autorizados os sistemas de identificacións baseados en tecnoloxías de rexistro distribuído e os sistemas de sinatura baseados nos anteriores, mentres non sexan obxecto de regulación específica polo Estado no marco do dereito da Unión Europea. Ademais, a nova disposición adicional sexta establece que calquera sistema de identificación baseado en tecnoloxía de rexistro distribuído que prevexa a lexislación estatal deberá prever que a Administración xeral do Estado actuará como autoridade intermedia que exercerá as funcións que corresponda para garantir a seguridade pública.

As restricións impostas aos sistemas de identificacións e sinaturas baseados en tecnoloxías de rexistro distribuído en ningún caso supoñen unha prohibición xeral. Simplemente, restrínxese puntualmente e de forma meramente provisional o seu uso como sistema de identificación e sinatura dos interesados cando estes últimos se interrelacionan coa Administración e mentres non haxa máis datos ou un marco regulatorio *ad hoc* de carácter estatal ou europeo que faga fronte ás debilidades que implica o seu uso para os datos e a seguridade pública. A falta dun marco regulatorio *ad hoc* sobre estas novas tecnoloxías xustifica que, con carácter urgente e en exercicio da súa competencia para ditar lexislación básica, o Estado interveña sobre a materia con carácter provisional ata que se avance no seo da Unión Europea no tratamento deste tipo de tecnoloxías.

O artigo 4 do presente real decreto lei procede, por unha parte, á modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, introducindo un novo artigo 46 bis e dando unha nova redacción ao artigo 155.

Por unha parte, o artigo 46 bis obriga a que, por motivos de seguridade pública, os sistemas de información e comunicacións para a recollida, almacenamento, procesamento e xestión do censo electoral, os padróns municipais de habitantes e outros rexistros de poboación, datos fiscais relacionados con tributos propios ou cedidos e datos dos usuarios do Sistema nacional de saúde, así como os correspondentes tratamentos de datos persoais, se localicen e presten dentro do territorio da Unión Europea. Así mesmo, establece que só poidan ser cedidos a terceiros países cando estes cumpran coas garantías suficientes que lles permitan ter sido obxecto dunha decisión de adecuación da Comisión Europea, ou cando así o exixa o cumprimento das obrigacións internacionais asumidas polo Reino de España.

Por outra parte, a finalidade da modificación do artigo 155 é permitir un maior control dos datos cedidos entre administracións públicas, co fin de garantir a súa adecuada utilización. Permítese excepcionalmente que a Administración xeral do Estado poida adoptar a medida de suspender a transmisión de datos por razóns de seguridade nacional de forma cautelar polo tempo estritamente indispensable para a súa preservación.

A licitude do tratamento dos datos persoais para finalidades distintas das finalidades iniciais vén determinada pola circunstancia de que se trate de finalidades compatibles. Tratándose de finalidades incompatibles, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, prohibe o seu tratamento. Non obstante, o propio regulamento declara xa unhas finalidades que considera compatibles: tratamento ulterior dos datos persoais con fins de arquivamento en interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Neste sentido, en caso de que o responsable do tratamento (o cesionario), logo da análise da compatibilidade de acordo cos criterios do artigo 6.4 do citado regulamento, considere que é compatible, o precepto

introduce a obrigación adicional de consultar coa Administración cedente. A Administración xeral do Estado poderase opor motivadamente e suspender por razóns de seguridade nacional.

O capítulo III do presente real decreto lei regula varias medidas en materia de contratación pública, todas elas dirixidas a reforzar o cumprimento da normativa sobre protección de datos persoais e a protección da seguridade pública neste ámbito.

Os contratistas do sector público manexan en ocasións, para a execución dos respectivos contratos, un inxente volume de datos persoais cuxo uso inadecuado pode, pola súa vez, presentar riscos para a seguridade pública. Por iso, resulta necesario asegurar normativamente o seu sometemento a certas obrigacións específicas que garantan tanto o cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais como a protección da seguridade pública.

O real decreto lei modifica a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa finalidade de introducir medidas que garantan en todas as fases da contratación (expediente de contratación, licitación e execución do contrato) o respecto por parte de contratistas e subcontratistas á lexislación da Unión Europea en materia de protección de datos.

Estas modificacións son coherentes co previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, que, respecto dos tratamentos de datos necesarios para o cumprimento dunha obrigación legal ou dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, permite aos Estados membros manteren ou introduciren disposicións específicas para fixar os requisitos específicos do tratamento e outras medidas que garantan un tratamento lícito e equitativo.

Así, en primeiro lugar, este real decreto lei modifica o artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para incluír, como contido mínimo dos contratos, a referencia expresa ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

En segundo lugar, e polo que respecta ao réxime de invalidez dos contratos, engádese un subpunto ao artigo 39.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para incluír, como causa de nulidade de pleno dereito, a celebración de contratos por parte de poderes adxudicadores que omitan mencionar nos pregos as obrigacións do futuro contratista en materia de protección de datos a que se refire o novo artigo 122.2 da Lei 9/2017, na redacción dada ao dito precepto polo presente real decreto lei. A aplicación neste caso da consecuencia xurídica máxima que prevé o noso ordenamento xurídico, é dicir, da nulidade de pleno dereito, considerouse adecuada unha vez ponderada a oportunidade da súa incorporación na lexislación de contratos do sector público (segundo o ditame n. 116/2015, do Consello de Estado), dada a importancia que en determinados casos pode presentar para os intereses da seguridade nacional coñecer a localización dos servidores en que se aloxarán os datos que ceda a Administración con motivo da execución dun contrato público, desde onde se van prestar os servizos asociados a eles e asegurar o sometemento da execución dese contrato á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

En terceiro lugar, e no contexto da regulación dos requisitos para contratar co sector público, modifícase o artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, para incluír, como circunstancia que impedirá aos empresarios contrataren coas entidades comprendidas no artigo 3 da dita lei, ter dado lugar á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha de tales entidades por incumprimento culpable das obrigacións que os pregos cualificasen como esenciais de acordo co previsto no artigo 211.1.f) da propia lei.

En cuarto lugar, dáse unha nova redacción ao artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, introducindo un segundo parágrafo relativo ao expediente de contratación dos contratos cuxa execución requira da cesión de datos por parte de entidades do sector público ao contratista. En virtude desta modificación, inclúese a obrigación do órgano de

contratación de especificar no expediente cal será a finalidade dos datos que vaian ser cedidos.

En quinto lugar, dáse unha nova redacción ao artigo 122.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, relativo aos pregos de cláusulas administrativas particulares. En concreto, engádesse un parágrafo terceiro a este punto para incluír a obrigaón dos pregos de mencionar expresamente a obrigaón do futuro contratista de respectar a normativa vixente en materia de protección de datos. Así mesmo, engádesse un parágrafo cuarto relativo aos contratos que exixan o tratamento polo contratista de datos persoais por parte do responsable do tratamento, que indica que nestes casos será obrigatorio facer constar no prego tanto a finalidade da cesión de datos como a obrigaón da empresa adxudicataria de manter o contratante informado da localización dos correspondentes servidores. Tamén se engade un parágrafo quinto para establecer que os aspectos mencionados no parágrafo cuarto deben facerse constar nos pregos como obrigaóns esenciais para os efectos do réxime de resolución do contrato.

En sexto lugar, o presente real decreto lei dá unha nova redacción ao artigo 202.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, regulador das condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, ambiental ou doutra índole. En concreto, introdúcese un parágrafo terceiro relativo aos pregos correspondentes a contratos cuxa execución implique a cesión de datos por parte das entidades do sector público ao contratista. Mediante esta adición imponse a exixencia de que os pregos inclúan, como condición especial de execución, a obrigaón do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Así mesmo, nos pregos debe advertirse o contratista de que esta obrigaón ten o carácter de obrigaón contractual esencial para os efectos do réxime de resolución do contrato.

En sétimo lugar, o artigo 5 sete do real decreto lei dá unha nova redacción ao artigo 215.4 da Lei 9/2017, relativo á subcontratación, para incluír entre as obrigaóns do contratista principal a de asumir a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración tamén polo que respecta á obrigaón de sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O capítulo IV deste real decreto lei regula varias medidas para reforzar a seguridade en materia de telecomunicacións. Así, o artigo 6 desta norma acomete cinco modificacións da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, co obxectivo de potenciar as facultades de que dispón o Goberno, a través do Ministerio de Economía e Empresa, para afrontar situacións que poden afectar o mantemento da orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional.

Así, en concreto, modifícanse os artigos 4.6 e 6.3 da Lei 9/2014, do 9 de maio, para reforzar as potestades do Ministerio de Economía e Empresa para levar a cabo un maior control e para mellorar as súas posibilidades de actuación cando a comisión dunha presunta actuación infractora a través do uso das redes e servizos de comunicacións electrónicas poida supor unha ameaza grave e inmediata para a orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional, ou cando en determinados supostos excepcionais que tamén poidan comprometer a orde pública, a seguridade pública e a seguridade nacional sexa necesaria a asunción da xestión directa ou a intervención das redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Estas maiores posibilidades de actuación que se recoñecen non se limitan na súa aplicación a un concepto estrito dunha rede ou dun servizo de comunicacións electrónicas, senón que estenden a súa eficacia aos elementos que necesariamente acompañan a instalación ou o despregamento dunha rede ou a prestación dun servizo de comunicacións electrónicas, como son as infraestruturas susceptibles de aloxaren redes públicas de comunicacións electrónicas, os seus recursos asociados ou calquera elemento ou nivel da rede ou do servizo que resulte necesario para preservar ou restablecer a orde pública, a seguridade pública e a seguridade nacional.

En necesaria correlación con este reforzamento de funcións públicas nestas situacións excepcionais, poténciase igualmente a potestade sancionadora do Ministerio de Economía e Empresa co obxectivo de facer efectivas e reais as actuacións que poida adoptar en uso

destas novas facultades de actuación dirixidas a preservar ou restablecer a orde pública, a seguridade pública e a seguridade nacional. Con esta finalidade, o presente real decreto lei dá unha nova redacción aos artigos 76.15, 77.28 e 81.1 da Lei 9/2014, do 9 de maio. En particular, ampliáanse os supostos en que o Ministerio de Economía e Empresa pode adoptar medidas cautelares en casos de razóns de imperiosa urxencia sen audiencia previa do presunto infractor, que pode incluír o cesamento da actividade ou a prestación de servizos, incorporando para o efecto algúns dos supostos que, previstos coa dita finalidade, figuran no artigo 30.6 do Código Europeo das Comunicacións Electrónicas, aprobado pola Directiva 2018/1972, do 11 de decembro de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, en especial os relativos á existencia dunha ameaza inmediata e grave para a orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional.

Por último, o capítulo V incorpora medidas para reforzar a coordinación en materia de seguridade das redes e sistemas de información. Para iso, efectúa unha modificación do Real decreto lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información, en virtude da cal o Centro Criptolóxico Nacional (CCN) exercerá a coordinación nacional da resposta técnica dos equipamentos de resposta a incidentes de seguridade informática (CSIRT) en materia de seguridade das redes e sistemas de información do sector público. Adicionalmente, prevese que o CCN exercerá a función de enlace para garantir a cooperación transfronteiriza dos CSIRT das administracións públicas cos CSIRT internacionais na resposta aos incidentes e xestión de riscos de seguridade.

### III

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F.3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever exixe unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

En relación coa concorrencia dos presupostos habilitantes de extraordinaria e urxente necesidade, débese ter en conta a doutrina do noso Tribunal Constitucional, resumida no fundamento xurídico IV da Sentenza 61/2018, do 7 de xuño de 2018. De acordo con ela requírense, por un lado, «a presentación explícita e razoada dos motivos tidos en conta polo Goberno na súa aprobación», é dicir, o que se denomina situación de urxencia; e, por outro, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

En canto á situación de urxencia, o Tribunal Constitucional indicou que «mesmo tendo descartado que a utilización polo Goberno da súa potestade lexislativa extraordinaria deba circunscribirse a situacións de forza maior ou emerxencia, o certo é que exiximos a concorrencia de certas notas de excepcionalidade, gravidade, relevancia e imprevisibilidade que determinen a necesidade dunha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria das leis, ben sexa polo procedemento ordinario ben polo de urxencia» (SSTC 68/2007, FX 10, e 137/2011, FX 7). Tamén sinalou o Tribunal Constitucional que a valoración da extraordinaria e urxente necesidade dunha medida pode ser independente da súa imprevisibilidade e, incluso, de que teña a súa orixe na inactividade previa do propio Goberno, sempre que concorran efectivamente a excepcionalidade da situación, pois «o que aquí debe importar non é tanto a causa das circunstancias que xustifican a lexislación de urxencia canto o feito de que tales circunstancias efectivamente concorran» (STC 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 6).

En canto á conexión de sentido entre a situación de necesidade definida e as medidas que no real decreto lei se adoptan, o Tribunal Constitucional atende a «un dobre criterio ou perspectiva para valorar a existencia da conexión de sentido: o contido, por un lado, e a estrutura, por outro, das disposicións incluídas no real decreto lei controvertido» (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 1/2012, do 13 de xaneiro, FX 11; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 9; e 61/2018, do 7 de xuño, FX 4).

A alternativa de introducir estas medidas mediante un proxecto de lei non é factible no presente caso, tendo en conta que as cámaras se encontran disoltas e non é posible dilatar a súa adopción ata a constitución das Cortes Xerais e, mesmo utilizando entón o trámite de urxencia, non se lograría reaccionar a tempo.

Os motivos que se acaban de expor xustifican amplamente a concorrencia dos requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución (STC 142/2014, FX 3 e STC 61/2018, FFX 4 e 7). Concorren tamén as notas de excepcionalidade, gravidade e relevancia que fan necesaria unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria dunha lei, ben sexa polo procedemento ordinario ou ben polo de urxencia (STC 68/2007, FX 10 e STC 137/2011, FX 7).

Polo demais, no suposto abordado por este real decreto lei débese subliñar que para remediar a situación de extraordinaria e urxente necesidade descrita é necesario proceder á reforma de varias normas con rango de lei, o que de por si exige «unha resposta normativa con rango de lei» (STC 152/2017, do 21 de decembro, FX 3 i).

#### IV

O presente real decreto lei respecta os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo, pois non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Certamente, este real decreto lei contén varias medidas de modificación de leis preexistentes que reforzan o cumprimento da normativa en materia de protección de datos. Porén, tales normas non constitúen unha regulación do réxime xeral do dereito á protección de datos, nin van en contra do contido ou elementos esenciais deste dereito, que son os contidos prohibidos ao instrumento xurídico do real decreto lei segundo reiterada doutrina constitucional (sintetizada, recentemente, na STC 139/2016, do 21 xullo). Así, este real decreto lei limítase a regular varios aspectos meramente puntuais respecto do tratamento de datos persoais por parte das administracións públicas e dos seus contratistas ao abeiro da habilitación contida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Polo demais, este real decreto lei non invade a reserva de lei orgánica prevista no artigo 81 da Constitución nin en ningún outro precepto constitucional, en canto que non se modifican preceptos de carácter orgánico. En particular, carece de carácter orgánico o artigo 8.1 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, como expresamente establece a disposición derradeira terceira do dito texto legal.

#### V

O artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, habilita o Goberno en funcións para adoptar medidas distintas ao despacho ordinario dos asuntos públicos en «casos de urxencia debidamente acreditados», así como «por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique».

Pola súa parte, os números 4 e 5 do artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, recollen unha serie de facultades cuxo exercicio está expresamente vedado ao Goberno en funcións, sen que ningunha delas se refira á aprobación de reais decretos leis. Estas funcións de exercicio prohibido para o Executivo en funcións refírense a cuestións netamente distintas. En efecto, o artigo 21.4 establece que o presidente do Goberno en funcións non poderá propor ao rei a disolución dalgunha das cámaras ou das Cortes Xerais, nin formular a cuestión de confianza, nin tampouco propor ao rei a convocatoria dun referendo consultivo. Pola súa parte, o artigo 21.5 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, dispón que o Goberno en funcións non poderá aprobar o proxecto de Lei de orzamentos

xerais do Estado nin tampouco presentar proxectos de lei ao Congreso dos Deputados ou, de ser o caso, ao Senado.

A facultade do Goberno en funcións de aprobar reais decretos leis é congruente, polo demais, coa existencia de que concorra o presuposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade previsto no artigo 86 da Constitución española.

## VI

O presente real decreto lei dítase ao abeiro das competencias estatais recollidas nos números 18.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española.

Polo que respecta ao artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución española, mediante o presente real decreto lei refórmanse as leis 39/2015, do 1 de outubro, e 40/2015, do 1 de outubro, aprobadas polo lexislador estatal en exercicio da súa competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común. Así mesmo, este real decreto lei modifica varios preceptos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, preceptos que se enmarcan na competencia estatal sobre lexislación básica en materia de contratos e concesións administrativas.

En virtude do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de correos e telecomunicacións, este real decreto lei modifica varios preceptos da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, e do Real decreto lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información.

En canto ás competencias exclusivas do Estado en materia de seguridade pública (artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución española), o presente real decreto lei modifica a Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e o mencionado Real decreto lei 12/2018. De acordo con este mesmo título competencial, modifícase tamén a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. Por último, é esta habilitación competencial a que ampara as modificacións referidas á necesaria autorización previa por parte da Administración xeral do Estado dos sistemas de identificación e sinatura que contén cun rexistro previo como usuario.

Como se xustificou nos puntos anteriores, as medidas contidas no presente real decreto lei teñen como finalidade incrementar o estándar de protección da seguridade pública fronte ás crecentes ameazas que presenta o uso das novas tecnoloxías e á luz sempre dos últimos sucesos en territorio español. Débese lembrar que, segundo a xurisprudencia constitucional, a seguridade pública refírese á «actividade dirixida á protección de persoas e bens (seguridade en sentido estrito) e ao mantemento da tranquilidade ou orde cidadá», aínda que non se limita a regular «as actuacións específicas da chamada Policía de seguridade», pois «a actividade policial é unha parte da materia máis ampla da seguridade pública» que «abrange un amplo espectro de actuacións administrativas» (STC 86/2014, do 29 de maio, FFX 2 e 4, entre outras) e inclúe «un conxunto plural e diversificado de actuacións, distintas pola súa natureza e contido, aínda que orientadas a unha mesma finalidade tuitiva do ben xurídico así definido» (STC 235/2001, do 13 de decembro, FX 6, e as alí citadas).

O Tribunal Constitucional situou dentro do concepto de seguridade pública, entre outros aspectos, «as situacións ou produtos que son susceptibles de ocasionar graves riscos para persoas e bens, o que exige a adopción de medidas de especial intensidade», así como «a regulación de materias concretas susceptibles de orixinar riscos certos que poden afectar de modo directo e grave a seguridade de persoas e bens, tomando en consideración, especialmente, fenómenos colectivos que implican a aparición de ameazas, coaccións ou accións violentas, con graves repercusións no funcionamento dos servizos públicos e na vida cidadá» (STC 25/2004, do 26 de febreiro, FX 6).



## VII

Na elaboración deste real decreto lei observáronse os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Por unha parte, resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas recollidas nesta norma se axustan plenamente ao obxectivo que pretende conseguirse mediante este instrumento. Así mesmo, cumpre os principios de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, asegurando a súa correcta incardinación e congruencia coa regulación vixente. Polo demais, a norma é coherente co principio de transparencia ao ter cumprido estritamente cos procedementos exixidos na tramitación dun real decreto lei. Non se realizaron os trámites de participación pública, tal e como exceptúa para os reais decretos leis o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por outra parte, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, sen que para estes efectos caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios, máis ben ao contrario, tras a adopción desta norma con rango de lei estableceranse melloras substanciais no ámbito da Administración electrónica, da contratación pública e das telecomunicacións.

Solicitouse o informe preceptivo da Oficina de Coordinación e Calidade Normativa, previsto no artigo 26.9 da Lei 59/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, das ministras de Xustiza, de Defensa, e de Facenda, do ministro do Interior, do ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, e da ministra de Economía e Empresa, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2019,

## DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

**Medidas en materia de documentación nacional de identidade**

Artigo 1. *Modificación da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.*

Modifícase o número 1 do artigo 8 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os españois teñen dereito a que se lles expida o documento nacional de identidade.

O documento nacional de identidade é un documento público e oficial e terá a protección que a leis lle outorgan. É o único documento con suficiente valor en por si para acreditar, para todos os efectos, a identidade e os datos persoais do seu titular.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.*

Modifícase o número 1 do artigo 15 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, nos seguintes termos:

«1. O documento nacional de identidade electrónico é o documento nacional de identidade que acredita electronicamente a identidade persoal do seu titular, nos

termos establecidos no artigo 8 da Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, e permite a sinatura electrónica de documentos.»

## CAPÍTULO II

### **Medidas en materia de identificación electrónica ante as administracións públicas, localización de determinadas bases de datos e datos cedidos a outras administracións públicas**

Artigo 3. *Modificación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 9, que queda co seguinte contido, e engádesse un novo número 3, renumerando o número 3, que pasa a ser o número 4:

«2. Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as administracións públicas a través dos sistemas seguintes:

a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación.

b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación.

c) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións consideren válido nos termos e condicións que se establezan, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade, logo de autorización por parte da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, que só poderá ser denegada por motivos de seguridade pública, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior. A autorización deberá ser emitida no prazo máximo de tres meses. Sen prexuízo da obrigaición da Administración xeral do Estado de resolver en prazo, entenderase que a falta de resolución da solicitude de autorización ten efectos desestimatorios.

As administracións públicas deberán garantir que a utilización dun dos sistemas previstos nas letras a) e b) sexa posible para todo procedemento, mesmo cando se admita para ese mesmo procedemento algún dos previstos na letra c).

3. En relación cos sistemas de identificación previstos na letra c) do número anterior, establécese a obrigaición de que os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos ditos sistemas estean situados en territorio da Unión Europea e, no caso de tratarse de categorías especiais de datos a que se refire o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, en territorio español. En calquera caso, os datos estarán dispoñibles para o seu acceso por parte das autoridades xudiciais e administrativas competentes.

Os datos a que se refire o parágrafo anterior non poderán ser obxecto de transferencia a un terceiro país ou organización internacional, con excepción dos que fosen obxecto dunha decisión de adecuación da Comisión Europea ou cando así o exixa o cumprimento das obrigaicións internacionais asumidas polo Reino de España.

4. En todo caso, a aceptación dalgún destes sistemas pola Administración xeral do Estado servirá para acreditar fronte a todas as administracións públicas, salvo proba en contrario, a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 10, que queda co seguinte contido, e engádesse un novo número 3, renumerando os números 3 e 4, que pasan a ser 4 e 5:

«2. No caso de os interesados optaren por relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos, consideraranse válidos para efectos de sinatura:

a) Sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación.

b) Sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por un prestador incluído na Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación.

c) Calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido nos termos e condicións que se establezan, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade, logo de autorización por parte da Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, que só poderá ser denegada por motivos de seguridade pública, logo de informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior. A autorización deberá ser emitida no prazo máximo de tres meses. Sen prexuízo da obrigaición da Administración xeral do Estado de resolver en prazo, entenderase que a falta de resolución da solicitude de autorización ten efectos desestimatorios.

As administracións públicas deberán garantir que a utilización dun dos sistemas previstos nas letras a) e b) sexa posible para todos os procedementos en todos os seus trámites, mesmo cando adicionalmente se permita algún dos previstos ao abeiro do disposto na letra c).

3. En relación cos sistemas de sinatura previstos na letra c) do número anterior, establécese a obrigaición de que os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos ditos sistemas estean situados en territorio da Unión Europea e, en caso de tratarse de categorías especiais de datos a que se refire o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, en territorio español. En calquera caso, os datos estarán dispoñibles para o seu acceso por parte das autoridades xudiciais e administrativas competentes.

Os datos a que se refire o parágrafo anterior non poderán ser obxecto de transferencia a un terceiro país ou organización internacional, con excepción dos que fosen obxecto dunha decisión de adecuación da Comisión Europea ou cando así o exixa o cumprimento das obrigaicións internacionais asumidas polo Reino de España.

4. Cando así o dispoña expresamente a normativa reguladora aplicable, as administracións públicas poderán admitir os sistemas de identificación recollidos nesta lei como sistema de sinatura cando permitan acreditar a autenticidade da expresión da vontade e do consentimento dos interesados.

5. Cando os interesados utilicen un sistema de sinatura dos previstos neste artigo, a súa identidade entenderase xa acreditada mediante o propio acto da sinatura.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Sistemas de identificación e sinatura previstos nos artigos 9.2 c) e 10.2 c).*

1. Malia o disposto nos artigos 9.2 c) e 10.2 c) da presente lei, nas relacións dos interesados cos suxeitos sometidos ao ámbito de aplicación desta lei non serán admisibles en ningún caso e, polo tanto, non poderán ser autorizados os sistemas de identificación baseados en tecnoloxías de rexistro distribuído e os sistemas de sinatura baseados nos anteriores, ata que non sexan obxecto de regulación específica polo Estado no marco do dereito da Unión Europea.

2. En todo caso, calquera sistema de identificación baseado en tecnoloxía de rexistro distribuído que prevexa a lexislación estatal a que fai referencia o número anterior deberá prever, así mesmo, que a Administración xeral do Estado actuará como autoridade intermedia que exercerá as funcións que correspondan para garantir a seguridade pública.»

Artigo 4. *Modificación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo artigo 46 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 46 bis. *Localización dos sistemas de información e comunicacións para o rexistro de datos.*

Os sistemas de información e comunicacións para a recollida, almacenamento, procesamento e xestión do censo electoral, os padróns municipais de habitantes e outros rexistros de poboación, datos fiscais relacionados con tributos propios ou cedidos e datos dos usuarios do Sistema nacional de saúde, así como os correspondentes tratamentos de datos persoais, deberanse situar e prestar dentro do territorio da Unión Europea.

Os datos a que se refire o número anterior non poderán ser obxecto de transferencia a un terceiro país ou organización internacional, con excepción dos que fosen obxecto dunha decisión de adecuación da Comisión Europea ou cando así o exixa o cumprimento das obrigacións internacionais asumidas polo Reino de España.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 155, que queda redactado como segue:

«Artigo 155. *Transmisións de datos entre administracións públicas.*

1. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento, cada Administración deberá facilitar o acceso das restantes administracións públicas aos datos relativos aos interesados que figuren no seu poder, especificando as condicións, os protocolos e os criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder a tales datos coas máximas garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade.

2. En ningún caso se poderá proceder a un tratamento ulterior dos datos para fins incompatibles co fin para o cal se recolleron inicialmente os datos persoais. De acordo co previsto no artigo 5.1.b) do Regulamento (UE) 2016/679, non se considerará incompatible cos fins iniciais o tratamento ulterior dos datos persoais

con fins de arquivamento en interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.

3. Fóra do caso previsto no número anterior, e sempre que as leis especiais aplicables aos respectivos tratamentos non prohiban expresamente o tratamento ulterior dos datos para unha finalidade distinta, cando a Administración pública cesionaria dos datos pretenda o seu tratamento ulterior para unha finalidade que considere compatible co fin inicial deberá comunicalo previamente á Administración pública cedente para os efectos de que esta poida comprobar a dita compatibilidade. A Administración pública cedente poderá, no prazo de dez días, oporse motivadamente. Cando a Administración cedente sexa a Administración xeral do Estado poderá neste suposto, excepcionalmente e de forma motivada, suspender a transmisión de datos por razóns de seguridade nacional de forma cautelar polo tempo estritamente indispensable para a súa preservación. Mentres a Administración pública cedente non comunique a súa decisión á cesionaria, esta non poderá empregar os datos para a nova finalidade pretendida.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os supostos en que o tratamento para outro fin distinto daquel para o cal se recolleron os datos persoais estea previsto nunha norma con rango de lei, de conformidade co previsto no artigo 23.1 do Regulamento (UE) 2016/679.»

### CAPÍTULO III

#### Medidas en materia de contratación pública

Artigo 5. *Modificación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

Un. Dáse nova redacción á letra d) do número 1 do artigo 35, que queda redactada como segue:

«d) Referencia á lexislación aplicable ao contrato, con expresa mención ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.»

Dous. Introdúcese unha nova letra h) ao número 2 do artigo 39, que queda coa seguinte redacción:

«h) A falta de mención nos pregos do previsto nos parágrafos terceiro, cuarto e quinto do número 2 do artigo 122.»

Tres. Dáse nova redacción á letra d) do número 2 do artigo 71:

«d) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente lei. A prohibición alcanzará as empresas cuxo contrato quedase resolto por incumprimento culpable do contratista das obrigacións que os pregos cualificasen como esenciais, de acordo co previsto no artigo 211.1.f).»

Catro. Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 116, que queda redactado como segue:

«1. A celebración de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que iniciará o órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Naqueles contratos cuxa execución requira da cesión de datos por parte de entidades do sector público ao contratista, o órgano de contratación en todo caso

deberá especificar no expediente de contratación cal será a finalidade do tratamento dos datos que vaian ser cedidos.»

Cinco. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 122, que queda redactado como segue:

«2. Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluíranse os criterios de solvencia e adxudicación do contrato; as consideracións sociais, laborais e ambientais que como criterios de solvencia, de adxudicación ou como condicións especiais de execución se establezan; os pactos e as condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes do contrato; a previsión de cesión do contrato salvo nos casos en que esta non sexa posible de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 214.1; a obrigación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme o convenio colectivo sectorial de aplicación, e as demais mencións requiridas por esta lei e polas súas normas de desenvolvemento. No caso de contratos mixtos, detallárase o réxime xurídico aplicable aos seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles.

Os pregos poderán tamén especificar se se vai exixir a transferencia de dereitos de propiedade intelectual ou industrial, sen prexuízo do establecido no artigo 308 respecto dos contratos de servizos.

Os pregos deberán mencionar expresamente a obrigación do futuro contratista de respectar a normativa vixente en materia de protección de datos.

Sen prexuízo do establecido no artigo 28.2 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, naqueles contratos cuxa execución requira o tratamento por parte do contratista de datos persoais por conta do responsable do tratamento, adicionalmente no prego farase constar:

a) A finalidade para a cal se cederán os ditos datos.

b) A obrigación do futuro contratista de someterse en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sen prexuízo do establecido no último parágrafo do número 1 do artigo 202.

c) A obrigación da empresa adxudicataria de presentar, antes da formalización do contrato, unha declaración en que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a eles.

d) A obrigación de comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire a letra c) anterior.

e) A obrigación dos licitadores de indicar na súa oferta se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos cales se vaia encomendar a súa realización.

Nos pregos correspondentes aos contratos a que se refire o parágrafo anterior, as obrigacións recollidas nas letras a) a e) anteriores en todo caso deberán ser cualificadas como esenciais para os efectos do previsto na letra f) do número 1 do artigo 211.»

Seis. Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 202, que queda redactado como segue:

«1. Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias, sexan compatibles co dereito da Unión Europea e se indiquen no anuncio de licitación e nos pregos.

En todo caso, será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de, ao menos, unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o punto seguinte.

Así mesmo, nos pregos correspondentes aos contratos cuxa execución implique a cesión de datos por parte das entidades do sector público ao contratista será obrigatorio o establecemento dunha condición especial de execución que faga referencia á obrigación do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Ademais, advertirase o contratista de que esta obrigación ten o carácter de obrigación contractual esencial, de conformidade co disposto na letra f) do número 1 do artigo 211.»

Sete. Dáse nova redacción ao número 4 do artigo 215, que queda redactado como segue:

«4. Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, estritamente conforme os pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201, así como da obrigación a que fai referencia o último parágrafo do número 1 do artigo 202, referida ao sometemento á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren as letras b) e c) do número 2 deste artigo, ou a autorización que outorgue no suposto previsto na letra d) do dito número, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.»

#### CAPÍTULO IV

##### **Medidas para reforzar a seguridade en materia de telecomunicacións**

Artigo 6. *Modificación da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.*

Un. Dáse nova redacción ao número 6 do artigo 4, que queda redactado da maneira seguinte:

«6. O Goberno, con carácter excepcional e transitorio, poderá acordar que a Administración xeral do Estado asuma a xestión directa ou a intervención das redes e servizos de comunicacións electrónicas en determinados supostos excepcionais que poidan afectar a orde pública, a seguridade pública e a seguridade nacional. En concreto, esta facultade excepcional e transitoria de xestión directa ou intervención poderá afectar calquera infraestrutura, recurso asociado ou elemento ou nivel da rede ou do servizo que resulte necesario para preservar ou restablecer a orde pública, a seguridade pública e a seguridade nacional.

Así mesmo, no caso de incumprimento das obrigacións de servizo público a que se refire o título III desta lei, o Goberno, logo de informe preceptivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e igualmente con carácter excepcional e transitorio, poderá acordar que a Administración xeral do Estado asuma a xestión directa ou a intervención dos correspondentes servizos ou a explotación das correspondentes redes.

Os acordos de asunción da xestión directa do servizo e de intervención deste ou os de intervir ou explotar as redes a que se refiren os parágrafos anteriores serán adoptados polo Goberno por propia iniciativa ou por instancia dunha Administración pública competente. Neste último caso, será preciso que a Administración pública teña competencias en materia de seguridade ou para a prestación dos servizos públicos afectados polo anormal funcionamento do servizo ou da rede de comunicacións electrónicas. No suposto de que o procedemento se inicie por

instancia dunha Administración distinta da do Estado, aquela terá a consideración de interesada e poderá emitir informe con carácter previo á resolución final.»

Dous. Introdúcese un novo número 3 no artigo 6, que queda redactado como segue:

«3. As administracións públicas deberán comunicar ao Ministerio de Economía e Empresa todo proxecto de instalación ou explotación de redes de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación que faga uso do dominio público, tanto se tal instalación ou explotación se vai realizar de maneira directa, a través de calquera entidade ou sociedade dependente dela, ou a través de calquera entidade ou sociedade á cal se lle outorgase unha concesión ou habilitación para o efecto.

O réxime de autoprestación na instalación ou explotación da dita rede pode ser total ou parcial e, polo tanto, a dita comunicación deberá efectuarse mesmo cando a capacidade excedentaria da citada rede se poida utilizar para a súa explotación por terceiros ou para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

No caso de que se utilice ou estea previsto utilizar, directamente por parte da Administración pública ou por terceiros, a capacidade excedentaria destas redes de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación, o Ministerio de Economía e Empresa verificará o cumprimento do previsto no artigo 9. Para tal efecto, a Administración pública deberá proporcionar ao Ministerio de Economía e Empresa toda a información que lle sexa requirida co fin de verificar o dito cumprimento.

A obrigaición establecida neste punto enténdese sen prexuízo da prevista no artigo 7.3 desta lei.»

Tres. Dáse nova redacción ao número 15 do artigo 76, que queda redactado como segue:

«15. O incumprimento grave das obrigações en materia de acceso a redes ou infraestruturas físicas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas, interconexión e interoperabilidade dos servizos.»

Catro. Dáse nova redacción ao número 28 do artigo 77, que queda redactado como segue:

«28. O incumprimento das obrigações en materia de acceso a redes ou infraestruturas físicas susceptibles de aloxar redes públicas de comunicacións electrónicas, interconexión e interoperabilidade dos servizos.»

Cinco. Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 81, que queda redactado como segue:

«1. Previamente ao inicio do procedemento sancionador, o órgano competente do Ministerio de Economía e Empresa, mediante resolución sen audiencia previa, poderá ordenar o cesamento da presunta actividade infractora cando existan razóns de imperiosa urxencia baseada nalgún dos seguintes supostos:

a) Cando exista unha ameaza inmediata e grave para a orde pública, a seguridade pública ou a seguridade nacional.

b) Cando exista unha ameaza inmediata e grave para a saúde pública.

c) Cando da suposta actividade infractora se poidan producir prexuízos graves ao funcionamento dos servizos de seguridade pública, protección civil e de emerxencias.

d) Cando se interfira gravemente a outros servizos ou redes de comunicacións electrónicas.

e) Cando cree graves problemas económicos ou operativos a outros provedores ou usuarios de redes ou servizos de comunicacións electrónicas ou demais usuarios do espectro radioeléctrico.»



## CAPÍTULO V

**Medidas para reforzar a coordinación en materia de seguridade das redes e sistemas de información**

Artigo 7. *Modificación do Real decreto lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información.*

Introdúcese un número 3 no artigo 11 do seguinte teor literal:

«3. O Centro Criptolóxico Nacional (CCN) exercerá a coordinación nacional da resposta técnica dos equipos de resposta a incidentes de seguridade informática (CSIRT) en materia de seguridade das redes e sistemas de información do sector público comprendido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os CSIRT das administracións públicas consultarán, cando proceda, cos órganos con competencias en materia de seguridade nacional, seguridade pública, seguridade cidadá e protección de datos de carácter persoal e colaborarán con eles no exercicio das súas respectivas funcións.

O CCN exercerá a función de enlace para garantir a cooperación transfronteiriça dos CSIRT das administracións públicas cos CSIRT internacionais na resposta aos incidentes e xestión de riscos de seguridade que lles correspondan.»

Disposición adicional única. *Comunicación das redes de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación das administracións públicas.*

As administracións públicas deberán comunicar ao Ministerio de Economía e Empresa, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as redes de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación que fagan uso do dominio público a que se refire o artigo 6.3 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, que fosen instaladas ou estean en proceso de instalación ou explotación.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das modificacións introducidas no artigo 3.*

1. As entidades do sector público que queiran habilitar sistemas de identificación ou sinatura conforme as letras c) dos artigos 9.2 e 10.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, deberán solicitar a autorización prevista nos ditos preceptos. Os sistemas que, antes da citada entrada en vigor, xa estean validados e plenamente operativos nos procedementos administrativos de que se trate non requirirán someterse á dita autorización.

2. As entidades pertencentes ao sector público deberán adoptar as medidas necesarias para cumprir a obrigaçión prevista nos artigos 9.3 e 10.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei cando xestionen directamente ou a través de medios propios os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos sistemas de identificación e sinatura.

3. No caso de que a xestión dos recursos citados no punto anterior se leve a cabo mediante a licitación de contratos do sector público, directamente polos suxeitos a que é de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou polos seus medios propios, a obrigaçión de adaptarse ao preceptuado nestes artigos non se aplicará aos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto lei, que se rexerán pola normativa anterior. Os contratos adxudicados en virtude dos ditos expedientes, mesmo cando manterán a súa plena validez e eficacia, non poderán ser obxecto de modificación que vulnere o establecido nos citados preceptos. Tampouco

poderán ser obxecto de prórroga salvo que previamente sexan obxecto de modificación para se adaptaren ás disposicións que neles se conteñen, sempre e cando sexa posible conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro.

4. Para os efectos do disposto nesta disposición transitoria, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

5. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as distintas administracións públicas remitirán á Comisión Sectorial de Administración Electrónica a información sobre todos os contratos vixentes que teñan por obxecto os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos sistemas de identificación e sinatura, así como daqueles cuxos expedientes xa estean iniciados conforme o número anterior.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das modificacións introducidas no artigo 4.*

1. As entidades pertencentes ao sector público deberán adoptar as medidas necesarias para cumprir a obrigaición prevista no artigo 46 bis da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei cando xestionen directamente ou a través de medios propios os sistemas de información e comunicacións a que tal precepto se refire.

2. No caso de que a xestión dos sistemas citados no número anterior se leve a cabo mediante a licitación de contratos do sector público directamente polos suxeitos a que é de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou polos seus medios propios, a obrigaición de adaptarse ao preceptuado no artigo 46 bis da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplicará aos expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto lei, que se rexerán pola normativa anterior.

Os contratos adxudicados en virtude dos ditos expedientes, mesmo cando manterán a súa plena validez e eficacia, non poderán ser obxecto de modificación que vulnere o establecido nos citados preceptos. Tampouco poderán ser obxecto de prórroga salvo que previamente sexan obxecto de modificación para se adaptaren ás disposicións que neles se conteñen.

3. Para os efectos do establecido nesta disposición, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio das modificacións introducidas no artigo 5.*

1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto lei rexeranse pola normativa anterior. Para estes efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Non obstante o anterior, os contratos baseados en acordos marco que non establezan todos os termos rexeranse pola normativa vixente na data de envío da invitación á licitación ás empresas parte do acordo marco ou pola normativa vixente na data de adxudicación se o contrato baseado non require unha nova licitación. Nos casos en que o acordo marco se licitase con suxeición á normativa anterior e, como consecuencia da aplicación do disposto no primeiro inciso deste parágrafo, a algún ou algúns dos contratos baseados nese acordo marco lle resultar de aplicación a nova regulación

resultante deste real decreto lei, o órgano de contratación deberá elaborar os documentos da licitación correspondente aos ditos contratos baseados de acordo con esta nova regulación.

3. O artigo 5 será de aplicación ás modificacións dos contratos que se inicien con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Os artigos 1 e 2 deste real decreto lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

2. Os artigos 3 e 4, así como as disposicións transitoria primeira e segunda, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e sobre o procedemento administrativo común, e do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

3. O artigo 5, así como a disposición transitoria terceira, dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución española en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e en materia de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas e, en consecuencia, son de aplicación xeral a todas as administracións públicas que entren no seu ámbito de aplicación, así como aos organismos e entidades dependentes delas.

4. O artigo 6, así como a disposición adicional única, dítanse ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime xeral de comunicacións.

5. O artigo 7 dítase ao abeiro das competencias exclusivas atribuídas ao Estado, en materia de réxime xeral de telecomunicacións e seguridade pública, polo artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de réxime xeral de comunicacións e 29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habilítanse o Goberno e as persoas titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN